# CONVOCATORIA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Do 3 ao 6 de xuño de 2010

Taller de artista
**TANIA BRUGUERA**
***Da casa ao museo***



**TALLER DE ARTISTA**

**TANIA BRUGUERA. 'Da casa ao museo'**

Taller destinado ao público en xeral

[Das 15 prazas dispoñibles, 12 estarán reservadas para persoas non relacionadas co mundo da arte, e 3 para artistas, estudantes ou críticos de arte profesionais ou en formación]

**Datas** do xoves 3 ao domingo 6 de xuño de 2010

**Lugar** sala perimetral B1 (1º andar)

**Horarios** [Ver programa páx. 2]

GRATUÍTO. PREVIA INSCRICIÓN E MATRÍCULA. Prazas limitadas a 15 participantes

**Prazo inscrición** ata o 30 de maio



**MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**
**FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Caixanova, Ministerio de Cultura**
**R/Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com**

# CONVOCATORIA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

## DESCRICIÓN

Este taller, dirixido pola artista cubana Tania Bruguera, está destinado ao público en xeral, a todas aquelas persoas que nunca realizaron nunca unha obra de arte e que quizais non estean familiarizadas coa arte contemporánea, pero que están interesadas en participar nesta experiencia e entrar en contacto con este mundo polo menos por unha vez.

O taller está organizado en catro sesións, das cales a primeira será unha conferencia aberta ao público.

## PROGRAMA E HORARIOS

**Sesión 1** (xoves 3 de xuño)
Horario: de 16.00 a 20.00
Destinatarios: sesión aberta ao público e participantes no taller

Conferencia de Tania Bruguera aberta ao público.

**Sesión 2** (venres 4 de xuño)
Horario: de 16.00 a 20.00
Destinatarios: participantes no taller

Os participantes no taller traerán preguntas e dúbidas sobre arte contemporáneo en xeral, para, en forma de conversación, comentalas e debater. Unha persoa do equipo do MARCO mostrará algunhas das obras que se realizaron para o Museo e discutiranse cos participantes. Os participantes seleccionarán unha obra da súa preferencia.

**Sesión 3** (sábado 5 de xuño)
Horario: de 10.00 a 14.00
Destinatarios: participantes no taller

A partir da obra seleccionada, os participantes realizarán unha a súa reinterpretación incorporando elementos que sexan afíns á súa realidade cotiá. As obras resultantes non teñen nin deben parecerse ás obras de referencia, pero si manter unha proximidade en canto á súa temática.

**Sesión 4** (domingo 6 de xuño)
Horario: de 10.00 a 14.00
Destinatarios: participantes no taller

Durante a última sesión traballarase rematando os proxectos dos participantes, que se mostrarán nunha presentación final.



**MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**
**FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Caixanova, Ministerio de Cultura**
**R/Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com**

**NOTA BIOGRÁFICA**

**Tania Bruguera** (A Habana, Cuba, 1968; vive e traballa entre A Habana e Chicago, USA)

Tania Bruguera é unha artista interdisciplinar que traballa temas políticos, principalmente mediante a arte de conduta, a performance, a instalación e o vídeo. Participou en Documenta, Performa, e en dúas ocasións nas bienais de Venecia, Kwangju e La Habana. A súa obra exhibiuse tamén en importantes museos de Europa e Estados Unidos, como Tate Modern, The Whitechapel Gallery, PS1, ZKM, IVAM, Kunsthale Wien e New Museum of Contemporary Art. As súas obras forman parte da colección de Tate Modern; Museum für Moderne Kunst; Darvos Foundation; Museum of Modern Art; Museo do Barrio; Bronx Museum; IVAM; Museo Nacional de Belas Artes, e Centro de Arte Contemporánea Wifredo Lam. En 1998 foi seleccionada bolseira Guggenheim (Estados Unidos) e en 2008 obtivo o Premio Prince Claus, Holanda.

As obras de Tania Bruguera céntranse na relación entre a arte, a política e a vida. A arte concíbese como unha experiencia que debe atravesarse e como un espazo para a realización de proxectos utópicos. Interésalle en especial a inserción da arte na vida cotiá e na política. Dende 2002 —coa creación da Cátedra Arte de Conduta, un proxecto alternativo do Instituto Superior de Arte de La Habana— emprendeu unha serie de proxectos nos que traballa sobre a apropiación de estruturas e recursos de poder. Xa non lle interesa representar meramente situacións políticas, senón crealas poñendo en movemento na súa obra algunhas das mesmas estratexias usadas polos poderes políticos. O seu traballo, moitas veces de natureza efémera polo emprego de accións vivas, materiais fráxiles ou ambas as dúas cousas, reflicte a condición igualmente efémera de calquera verdade política.



**MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**
**FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Caixanova, Ministerio de Cultura**
**R/Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com**

# CONVOCATORIA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN**
Taller
**TANIA BRUGUERA**
**'Da casa ao museo'**
Do 3 ao 6 de xuño de 2010

Nº ___

---

A cumprimentación desta ficha é imprescindible para a súa inscrición no taller. O número de prazas está limitado a **15 participantes**.

Prégase entregar esta solicitude directamente na taquilla do MARCO, ou ben enviala:

A/A Departamento de Comunicación
Ref.: Taller TANIA BRUGUERA

- Por correo postal:
  MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
  Príncipe 54 - 36202 Vigo
- Por fax: 986 113901
- Por correo-e: info@marcovigo.com

A solicitude de inscrición irá acompañada dun breve texto (6/8 liñas) de motivación para facer o taller

## DATOS DA PERSOA INTERESADA

(POR FAVOR CUBRA TODOS OS DATOS E UTILICE LETRAS DE IMPRENTA)

| | | |
|---|---|---|
| 1º apelido | 2º apelido | |
| Nome | DNI | |
| Tel | Correo-e | |
| Rúa | Nº | Piso |
| C.P. | Cidade | Provincia |

Profesión/ocupación:

Vigo, a ..... de ..... de 2010 Sinatura do/a interesado/a:



**MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**
**FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Caixanova, Ministerio de Cultura**
**R/Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com**